

ASOCIACIÓN ITÍNERA,
VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL

MEMORIA
Actividade de voluntariado
2013

Data de constitución: 10 de marzo 2005. CIF: G- 15983570.

Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma, nº:
2005/008577/1 (SC).

Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria, nº: O-387.

Rexistro de Entidades prestadoras de servizos sociais, nº: AS-1944.

Rexistro municipal de Asociacións, nº: 399 (Concello de Santiago).

Índice

1. Memoria anual.
 - 1.1. Antecedentes.
 - 1.2. Poboación que atende.
 - 1.3. Obxectivos.
 - 1.4. Liñas de actuación.
 - 1.5. Estrutura.
2. Programas xaneiro-setembro 2013.
 - 2.1. Programa Ágora.
 - 2.2. Progama Hefestos.
 - 2.3. Programa Hermes.
 - 2.4. Programa Lar.
 - 2.5. Programa Iris.
 - 2.6. Programa Heracles.
 - 2.7. Programa Helios.

1. MEMORIA ANUAL.

1.1 ANTECEDENTES.

ITÍNERA naceu en Santiago de Compostela por iniciativa dun grupo de persoas que desenvolveron programas de voluntariado no Hospital Psiquiátrico de Conxo dende o ano 1993. Constitúese en marzo do 2005 como Asociación co ánimo de transcender o Hospital e prestar atención sobre todo a persoas que, estando na comunidade, precisan unha rede activa de xente que lle procure protección e apoio.

1.2 POBOACIÓN A QUE ATENDE.

Persoas que padecen algunha forma de Trastorno Mental Severo (esquizofrenia, cadros esquizoafectivos, trastorno bipolar...) e que, como consecuencia directa da mesma presentan discapacidade funcional, dificultades adaptativas, malestar subxectivo, illamento, marxinación e estigma social. O seu manexo para a familia e amigos é moi complexo e os síntomas alteran a vida familiar.

Cando carecen de apoio familiar e dos sistemas de protección social desembocan na marxinación e na pobreza.

1.3 OBXECTIVOS.

1. Ofrecer oportunidades, no ámbito do ocio, educativo, e da ocupación, ás que non teñen acceso debido a discapacidade se non contan con apoio específico (principio de igualdade de oportunidades).
2. Favorecer un mellor funcionamento, participación social e calidade de vida.
3. Conectar aos usuarios coa oferta de actividades dirixidas á poboación xeral, actuando como mediadores.
4. Constituír unha célula dentro do tecido social que contribúa a substituír as actitudes de rexeitamento polas de tolerancia e comprensión (loita contra as barreiras ambientais).
5. Apoiar ós cuidadores primarios (familiares).

1.4 LIÑAS DE ACTUACIÓN.

1. Modificación do entorno microsocial de convivencia. Crear oportunidades de integración e socialización con apoio dos voluntarios sociais. Tódolos programas foron encamiñados a tal fin.
2. Lograr vínculos afectivos persoais cos pacientes que os motiven a asistir e

participar. A maior dificultade é precisamente lograr que participen. O programa AMIGOS que é transversal a tódolos demais busca precisamente iso.

3. Coordinación cos servizos sociosanitarios públicos, coas asociacións de familiares e afectados, con asociacións de índole cultural, deportivo, para crear unha rede de relacións dos recursos formais e informais que proporcione verdadeira protección e apoio a estes pacientes.

1.5 ESTRUCTURA.

A. Xunta directiva

PRESIDENTA:	M ^a Asunción Soneira Soneira.
VICEPRESIDENTE:	Carlos Martínez Uzal.
SECRETARIO:	M ^a del Carmen López Seoane.
TESOUREIRO:	Jaime Fraga Ares.
VOGAIS:	M ^a del Carmen de la Torre Fernández. Dolores Fernández Martínez.

B. Persoas contratadas

Carlos Martínez Uzal, coordinador da Asociación. Contratado a xornada completa.

Tamara Vedo Rodríguez, Traballadora Social contratada a tempo parcial.

Esperanza Rodríguez Martínez, Psicóloga contratada a tempo parcial.

Tania Jácome González, Trabaxadora social, coopera contratada a tempo parcial.

C. Voluntarios

Número de voluntarios: 52.

ANO 2013	
Número voluntarios	52
Número voluntarios Universidade	12
Número voluntarios captación directa	40
Número de horas semanais de acción voluntaria	168
Media de horas dedicadas semanalmente	3,5 horas
Moda	3 horas

Número de horas adicadas	Número voluntarios
2	14
3	18
4	8
5	5
6	5
8	2
TOTAL HORAS: 146 TOTAL VOLUNTARIOS:52	

D. Usuarios

Relación de usuarios por programas:

19 usuarios	Participaron entre 4 -8 programas.
59 usuarios	Participaron entre 2-3 programas.
65 usuarios	Participaron en 1 programa.
13 usuarios	Participaron menos de 3 veces en calquera programa.
Total Usuarios: 156	

Unha porcentaxe considerable dos usuarios que acoden á un só programa ven constituído por persoas ingresadas no Hospital Psiquiátrico.

E. Socios

Persoas asociadas: 191.

2. PROGRAMAS 2013

2.1 PROGRAMA ACADEMIA ÁGORA.



O Programa Ágora consiste na creación dun centro de estudos para completar a formación académica e cultural dos usuarios que, pola irrupción da enfermidade, non puideron continuar os seus estudos ou, nalgún caso, non tiveron acceso a eles. Tamén se imparten obradoiros de actividades de vida diaria e de habilidades sociais. Está orientado a unha mellor capacitación para o emprego. O inmobile onde se desenvolve esta actividade está na rúa da República Argentina, 22, 5º esquerda de Santiago.

No 2011 leváronse a cabo as diferentes actividades e cursos:

2.1.1- GRUPO DE APOIO Ó ESTUDIO. Clases de apoio para conseguir principalmente o graduado escolar ou outro título académico

Horario: luns a venres de 11:00 a 13:00 h.

Número de alumnos: 15.

2.1.2- ESCOLA DE IDIOMAS. Impartíronse clases de inglés e francés en niveles de iniciación e medio.

Inglés Horario: martes de 11:00 a 13:00 h.
Número de alumnos: 36.

Francés Horario: mércores de 17:00 a 18:30 h.
Número de alumnos: 6.

Mantense unha aula de inglés no Hospital Psiquiátrico de Conxo con 12 participantes que se imparte os martes de 18:00 a 18:45 h.

2.1.3- HABILIDADES XURÍDICAS E ADMINISTRATIVAS.

Introdución ó mundo do dereito, onde se atende especialmente ás cuestións xurídicas relacionadas co ámbito da saúde mental (incapacitacións, tutelas, curatelas...) co obxectivo de que sexan coñecedoras dos seus dereitos. No aspecto administrativo se lles instrúe no manexo dos seus deberes coas distintas administracións e tamén nos seus dereitos como consumidores e usuarios de todo tipo de servizos.

Horario: martes de 16:30 a 18:00 h.

Número de alumnos: 6.

2.1.4- DESENVOLVEMENTO CULTURAL. Creación de grupos de lectura e obradoiros de escritura e iniciación ó cine.

Clube de lectura: Horario: venres de 11:00 a 12:30 h.

Número de participantes: 12.

Iniciación ó cine: Horario: xoves de 16:30 a 19:30 h.

Número de alumnos: 30.

2.1.5- ANÁLISE CRÍTICO E DEBATE. Os usuarios traballan semanalmente sobre un tema de actualidade, sobre o cal investigan, sendo o seu material de traballo os xornais, revistas especializadas e internet. Cada un debe estudar un aspecto diferente da noticia en cuestión, que se pon en común e se debate na clase seguinte. Require moito tempo e esforzo dos usuarios: entre semana adican un día aparte para investigar por separado e outro para por en común co seu grupo a información acadada para levar os seus argumentos preparados para o debate do martes.

Horario: martes de 18:30 a 20:00 h.

Número de alumnos: 32.



2.1.6- EQUIPO DE REDACCIÓN. Os usuarios desenvolven as súas habilidades literarias, fotográficas e de deseño na edición dos novos números do B.O.I., a revista da Asociación que serve para promocionar tanto as actividades de Itínera como os diversos talentos dos seus participantes. Tamén se encargan da actualización da web da asociación: www.asociacionitinera.com.

Horario: luns de 18:30 a 20:00 h.

Número de participantes: 8.

2.1.7- VISITAS CULTURAIS. Regularmente organizasen visitas guiadas a museos da cidade e acúdense a diversos eventos culturais da cidade. Tamén se realizan visitas a outros lugares de interese, natural, cultural ou histórico da nosa comunidade.

Número de visitas: 1 fin de semana ó mes.

Número de usuarios: 6 por visita.

2.1.8- PROGRAMA TEATRAL PARA O HOSPITAL PSIQUIÁTRICO DE CONXO.



Participan entre 10-15 pacientes, ensaian no ximnasio e nas “escaleiras de mármore” do Hospital os martes e xoves de 16:30 a 18:00 h.

O día 22 xuño representaron “O médico a paos” de Moliere no Salón Teatro en Santiago de Compostela

2.1.9- INFORMÁTICA. O seu obxectivo é introducir ós alumnos no eido das novas tecnoloxías. Tódolos alumnos deste programa aprenden a utilizar correctamente un ordenador ó final do mesmo. Impártense en tres niveis: Iniciación á informática, Ofimática básica (Word e Excel) e Internet.

O nivel de iniciación é o que requiren os alumnos ingresados no hospital Psiquiátrico de Conxo namentres que, o manexo de programas máis complexos como ofimática ou creación de webs correspóndese máis cos coñecementos e intereses do resto de alumnos.

MÉRCORES	XOVES
10:00 a 10:45 (AURELIO AGUIRRE)	10:00 a 10:45 (AURELIO AGUIRRE)
11:00 a 11:45 (FONTIÑAS)	11:00 a 11:45 (FONTIÑAS)
17:00 a 17:45 18:00 a 18:45 (HOSPITAL PSIQUIÁTRICO)	17:00 a 17:45 18:00 a 18:45 (HOSPITAL PSIQUIÁTRICO)

INFORMÁTICA	
Número usuarios	36
Número voluntarios	3
Horas semanais compartidas	7

2.1.10- ARTES PLÁSTICAS. Consiste en coñecer diversas técnicas e procedementos da plástica ó longo da historia da arte. Experimentación co debuxo técnico, modelado con barro e pintura, así como iniciación ao gravado, ao modelismo e á fotografía.

A actividade realízase na Aula 2 do Centro sociocultural Aurelio Aguirre, do Concello de Santiago, en horario de 9:00 a 11:00 h., tódolos xoves.

ARTES PLÁSTICAS	
Número usuarios	12
Número voluntarios	3
Horas semanais compartidas	3

2.2 PROGRAMA HEFESTOS para o desenvolvemento de capacidades prelaborais.

2.2.1- PROGRAMA MEDIOAMBIENTAL. Consiste na formación de grupos de traballo, de voluntarios. Os voluntarios son tanto os *voluntarios* en sentido estrito, como os propios afectados. É a mellor forma de integración. Os usuarios acadan o valioso rol de voluntarios e experimentan o sentimento de ser útil á comunidade.

Obxectivos:

- Integración social dos enfermos mentais: xerar un sentimento de pertenza a un grupo e de ser útil a comunidade.
- Incrementar as oportunidades de socialización e dinamización dos pacientes.
- Incremento de habilidades sociais: asistencia, puntualidade, relacións cooperadoras co grupo, distinguir roupa de traballo da de paseo, etc.
- Educación medioambiental e respecto os valores ecolóxicos.

Lugar e horario de realización: no antigo cemiterio do Hospital Psiquiátrico de Conxo, clausurado fai anos, e nas proximidades da Casa Rectoral de Merza, no concello de Vila de Cruces. Os mércores de 16:30 á 18:30.

MEDIOAMBIENTAL	
Número usuarios	21
Número voluntarios	9
Horas semanais compartidas	3



2.3 PROGRAMA HERMES para desenvolvemento de actividades de ocio e tempo libre

2.3.1- FÚTBOL.



Creación dun equipo de fútbol conxuntamente entre persoas voluntarias e persoas con TMS. Adestramentos semanais nas instalacións da SD Conxo e disputa de partidos trimestralmente.

Dende maio tamén se iniciou un equipo de fútbol feminino coas mesmas características.

Obxectivos:

- Incrementar as relacións interpersoais .
- Incrementar a rede social informal fóra da familia e equipos sanitarios.
- Aumentar a capacidade de traballo en equipo (compañeirismo, deportividade, solidariedade...).
- Cubrir o tempo libre cunha actividade de ocio.
- Incrementar a súa integración e participación social

FÚTBOL	
Número usuarios	18
Número voluntarios	12
Horas semanais compartidas	3

2.3.2- PROGRAMA AMIGOS. É un programa de creación de rede social para persoas que carecen dela como consecuencia do illamento producido pola súa enfermidade.

Ós usuarios solicitantes preséntaselles un ou dous voluntarios para que fagan de mediadores sociais e conecten ós participantes con

outras actividades da asociación co fin de crear pandillas ou disfruten de ambientes máis normalizados e desinstitucionalizados (cafeterías, cine, paseos...).

Obxectivos:

- Crear vínculos favorecedores do benestar persoal.
- Aumentar a rede social dos usuarios.
- Actuar como mediadores cara ambientes máis normalizados.
- Incrementar o apoio emocional e instumental percibido.
- Incrementar a súa autoestima e calidade de vida.

Avaliación:

- Percíbese gran satisfacción por parte dos usuarios que xa empezan a conformar as súas propias redes sociais sen necesidade dos voluntarios mediadores.
- A creación de rede social para os usuarios da nosa asociación é un feito facilmente constatable.
- Esta rede social conta co papel dos voluntarios como elemento dinamizador
- sen embargo nos últimos anos observamos que as relacións que mellor funcionan son aquelas que se crean nas distintas actividades.
- A rede social dos participantes non só crece en número, senón que acada permanencia no tempo.

PROGRAMA AMIGOS	
Número usuarios solicitantes	12
Número voluntarios	8
Horas semanais compartidas	3

2.3.3- PROGRAMA DE RESPIRO FAMILIAR.



Denominado tamén "Xornadas activas de fin de semana". Os sábados e domingos un grupo de rapaces acode á Casa Reitoral de Merza, no concello de Vila de Cruces, nun exercicio de convivencia. Disfrutamos desta casa reitoral desde xuño 2005 en que nos foi cedida, en precario, polo Bispado de Lugo.

O último día adícase ó sendeirismo e a excursións programadas a lugares de interese histórico ou cultural así como as distintas romerías populares ou exposicións da comarca que nos axuden a coñecer mellor o noso país.

Obxectivos:

- Incrementar as relacións interpersoais.
- Incrementar a rede social informal fóra da familia e dos equipos sanitarios.
- Aumentar a capacidade de traballo en equipo (compañeirismo, distribución de traballos domésticos, solidariedade...).
- Respiro para as familias.
- Incrementar a percepción de benestar e de goce a través do sentimento de pertenza ao grupo e actividades na natureza.

XORNADAS MERZA	
Número usuarios	70
Número voluntarios	18
Horas quincenais compartidas	30

2.4 PROGRAMA LAR para o desenvolvemento da autonomía persoal.



O programa constitúese en tres bloques:

BLOQUE I: Cocina. Adquirir coñecementos e habilidades para preparar diferentes comidas de forma autónoma. Á súa vez ofrecer un espazo de comedor, encontro e convivencia.



BLOQUE II: Actividades da vida diaria e habilidades administrativas. Conseguir transmitir o maior número de habilidades que permitan a realización das actividades da vida diaria e faciliten acadar unha maior independencia. Tamén adquirir coñecementos e habilidades para poder afrontar distintas situacións referidas a trámites económicos, burocráticos e/ou sociais, que poden resultar complexas.

BLOQUE III: Habilidades sociais e educación sexual. Coñecementos básicos de cara a un desenvolvemento social integral axeitado e unha

sexualidade segura e responsable.

Horarios:

BLOQUE I: os venres de 11:00 a 16:00 h.

BLOQUE II: os venres de 17:00 a 19:00 h.

BLOQUE III: os mércores de 17:00 a 19:00 h.



PROGRAMA LAR	
Número usuarios	24
Número voluntarios	6
Horas semanais compartidas	4

2.5 PROGRAMA IRIS: verán activo.

De xuño a setembro, debido ao incremento de voluntarios e a que moitos dos dispositivos en saúde mental reducen horas, así como ó peche das institución académicas, a Asociación Itínera desenvolve o programa Iris para un verán activo. Este programa consiste tanto no reforzamento de horas de programas que xa funcionan de maneira cotiá, como na celebración de eventos puntuais dirixidos tanto a persoas con TMS como á sociedade en xeral

Estas actividades son:

2.5.1- REFORZO EDUCATIVO. Para os alumnos da ESA e Bacharelato que teñan que recuperar algunha sinatura de cara o mes de setembro.

Horarios: luns a venres de 11:00 a 14:00 no local que a Asociación Itínera ten habilitado especificamente para tal fin en Santiago de Compostela (Rúa República Arxentina, nº 22, 5º

esquerda).

PROGRAMA RECUPERACIÓN	
Número usuarios	12
Número voluntarios	3
Horas semanais compartidas	4

2.5.2- ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS E DEPORTIVAS.

- A actividade medioambiental dos mércores complementábase coa limpeza do río Sar ao seu paso polo barrio de Conxo (Santiago de Compostela).
- Rutas de senderismo: tódolos fins de semana de xuño e xullo, polos montes próximos a Santiago.
- Adestramento do equipo de fútbol: dóbrase o número de horas a inicianse tamén os adestramentos dun equipo de fútbol feminino mixto formado por usuarias e voluntarias da Asociación.

PROGRAMA ACTIVIDADES DE VERÁN	
Número usuarios	25
Número voluntarios	6
Horas semanais compartidas	4



2.5.3- CAMPAMENTOS DE VERÁN TEMÁTICOS. Estes campamentos fomentan a convivencia entre persoas voluntarias e usuarias de distintas entidades. A Asociación Itínera organiza estes obradoiros tendo como beneficiarios no só ós participantes nas súas actividades senón que é un evento aberto a tódalas institucións do sector da saúde mental.



Data: neste ano 2013 organizáronse tres campamentos de catro días cada un entre os días 2 e 20 de agosto.

Lugar: Santa María de Merza, no Concello de Vila de Cruces.

Contido: xornadas adicadas ós xogos populares e ás andainas.

Colaboración: coas Asociacións Xaruma e Andaina Pro Saúde Mental.

Participantes: 40.

Voluntarios: 6.

Técnicos: 5.

CAMPAMENTOS DE VERÁN	
Número usuarios	40
Número voluntarios	6
Número técnicos	7
Horas semanais compartidas	86

2.5.4- NOITES DE CINE E LÚA 2.




O venres 13 de setembro de 2013 proxectáronse no atrio do Hospital Psiquiátrico de Conxo dúas películas có galo da Semana Cultural do barrio.

Esta actividade dirixiuse ó público en xeral, particularmente ós veciños do barrio de Conxo, ós internos do Centro, e a outras entidades sociais e culturais que houbesen colaborado dun xeito ou doutro coa rehabilitación psicosocial das persoas con Trastornos Mentais Severos nos últimos anos. Axeitouse un espazo axardinado dentro do antigo mosteiro para a montaxe dunha pantalla. Unha vez rematadas as proxeccións o espazo volveu quedar pechado. O Concello de Santiago a través do Centro Sociocultural Aurelio Aguirre se encargou dos aspectos técnicos da proxección.

NOITES DE CINE E LÚA	
Número voluntarios	16
Número asistentes	223

2.6 PROGRAMA HERACLES para a formación de voluntariado.



II CURSO DE FORMACIÓN VOLUNTARIADO EN SAÚDE MENTAL 22-23 Febreiro - 1-2 Marzo Facultade de Matemáticas	
Programa do Curso	
Día 22, venres	Día 1, venres
O voluntariado en Saúde Mental. Novas estratexias na abordaxe da Rehabilitación	16:00 Apertura da Xornada
16:00 Apertura do curso introdución dos obxectivos do Curso	16:15 Proxección do Documental "FÓRA" 2012 de Pablo Cayula e Xari Gómez
16:15 "As experiencias asociativas do voluntariado en Saúde Mental". Excmo Asociación Itinera e a escola de tempo libre Xaruma.	17:45 Descanso
17:45 Descanso	18:00 Mesa Redonda: "Conco, presente e futuro" participan: Dr. Ramón Arca, Dr. Ramón Ramos e os directores do Itinera Pablo Cayula e Xari Gómez, dirixe a mesa Carlos Martínez
18:00 Dinámicas de grupo sobre as actividades e organización das ONLs en Saúde Mental	20:00
20:00 Final da Xornada	
Día 23, sábado	Día 2, sábado
Psicopatoloxías e o Estigma asociado	A rede dos Servizos Asistenciais e os perigos da institucionalización
10:00 Apertura da Xornada Presentación de entidades	10:00 Apertura da Xornada Presentación de entidades
10:15 "O traballo nos centros de rehabilitación" FONTE DA VIRXE	10:15 "A problemática do saúde mental no mundo do rural galego" Asociación ANDAINA
11:15 "O trastorno de persicalidade" TPGALICIA	11:45 Descanso
12:15 Descanso	12:00 FEALES Galicia: "El reto del empleo para las personas con EM"
12:30 "O Trastorno Bipolar" ASBIGA	13:30 Carina Fernández Rivera, coordinadora do Servizo de inserción laboral de FEALES
13:30 Proxección da curtametraxe: "Crise en DSM-4" realizado por Tropa Korbin e Asociación ITINERA	13:30 Presentación programa HELIOS
14:00	13:45
A Rehabilitación Psicosocial	14:00 Conclusión da Xornada Entrega de típicos documentación das entidades
16:00 Apertura da Xornada	16:00 Apertura e presentación dos ponentes
16:15 Cineforum: MUMFORD (1999) Dirixida por: Lawrence Kasdan	Ponencia: "Os efectos da Institucionalización sobre as persoas con TMS" Dr. Luis Ferrer Baladre, Jefe Servicio de Psiquiatría CHUS
16:15 Descanso	16:15
18:30 Ponencia: "A rehabilitación psicosocial" Coordinada por Carlos Álvarez	18:15 Descanso
20:00	17:30
	18:00 Mesa redonda: "Entidades Asociativas: entre a reintegración e a parainstitucionalización" Participa un representante por entidade do Curso
	19:45
	20:00 Entrega de documentación e peche do Curso

2.6.1- CURSO DE FORMACIÓN DE VOLUNTARIADO EN SAÚDE MENTAL. Curso de 30 horas, homologado pola USC con dous créditos de libre configuración. Celebrado entre o 22 de febreiro e o 3 de marzo do 2013 en colaboración coas asociacións Xaruma escola de ocio e tempo libre, Fonte da Virxe, TPGalicia, Asbiga, Andaina Pro Saúde Mental e FEALES Galicia.

100 persoas voluntarias conseguiron unha certificación acreditada pola USC

CURSO FORMACIÓN	
Número voluntarios acreditados	100
Número poñentes	22

2.7 PROGRAMA HELIOS.



O Programa Helios é un programa de difusión das actividades asociativas no ámbito da saúde mental que vai dirixido tanto aos profesionais da área sociosanitaria coma a pacientes e a familias que non tivesen coñecemento aínda das distintas entidades que traballan na rehabilitación psicosocial das persoas con trastornos mentais severos.

Obsérvase nas asociacións que unha alta porcentaxe de usuarios e as súas familias chegan á primeira entrevista meses despois de recibir un diagnóstico ou a alta nun primeiro internamento clínico. Estes primeiros meses dende que se coñece a enfermidade resultan vitais e deles depende moitas veces a actitude coa que a persoa enferma vai aceptar o tratamento e os programas de rehabilitación psicosocial.

As familias, con frecuencia, non saben onde dirixirse e soportan, ante a falta de información, unha grande incerteza durante este período, que repercute ineludiblemente no paciente, que ve atrasada a súa rehabilitación. Noutras ocasións a información que conseguen resulta nesgada por intereses alleos ao beneficiario e non responde ás expectativas reclamadas o cal alonga aínda máis o tempo efectivo de recuperación.

O programa Helios é un programa informativo que pretende acurtar estes prazos.

Actualmente en moitas entidades e particularmente nas ONL dispónse dun importante caudal humano cun potencial infrautilizado. Referímonos con isto a voluntarios cunha importante cualificación profesional (psicólogos, traballadores sociais, educadores, enfermeiros, pedagogos, avogados...) e con recursos que, moitas veces, non chegan a aproveitarse completamente nas asociacións coas que colaboran.

Neste programa, os voluntarios cualificados serían as ferramentas para construír canles de comunicación directa entre tódalas institucións, recibindo, distribuíndo e actualizando información ao tempo que crean unha rede de correspondencia entre Hospitais, Centros de Saúde e as diversas asociacións que traballan en Saúde mental.

Que obxectivos pretende Helios? Ten, como obxectivo principal, o de trasladar información precisa e actualizada dos recursos públicos e privados existentes a pacientes e a outros potenciais beneficiarios na área de saúde mental.

- Conseguir unha información veraz e actual de tódolos recursos presentes na rehabilitación e que resulte útil para os profesionais.
- Protocolarizar a coordinación e a comunicación entre as distintas entidades.
- Mellorar a atención aos beneficiarios (pacientes e familias) que reciben unha información directa.
- Unificar as canles de comunicación e os seus contidos.
- Aproveitar recursos (materiais e humanos) dispoñibles e infrautilizados.
- Abrir un camiño para a cooperación activa da sociedade civil en labores de reintegración.

A primeira actividade deste programa é a creación dunha páxina web informativa, www.iniciativahelios.com.

INICIATIVA HELIOS	
Número voluntarios	6
Número visitantes (decembro 2013)	3.200